

IMAGO

Textos de ELENA DE CARLOS

Ilustracións de MARISA CAMINO

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 48 páx. 15 €

ISBN 978-84-19213-40-2. Poesía. Tambo. Faktoría K de Libros.

*Contemplo as imaxes
e entendo a quen sentado
ollándote de fronte facía de min
ese ser ansioso e tatexante,
tal é a lixeireza
coa que aloumiñas o aire
e das ás follas do libro
un aire leve de abano...*

[Fragmento de *Imago*]

Velaquí unha autora da estirpe das solitarias, con apego pola voz baixa e as paisaxes mariñas, e ofrecéndonos un libro nado durante a común e extraordinaria experiencia da pandemia e do confinamento. Está nel a ollada a un mundo que viviu perplexo fronte ao baleiro, mais tamén o diálogo cunha vida interior dinámica e axitada, en plena revelación dalgunhas verdades luminosas.

Estes poemas parten da vivencia das dúas metamorfoses que unha muller experimenta na vida, a da puberdade e a da madurez, e por iso falan do que vincula e ao tempo separa ambos os dous momentos. Son poemas, asemade, que serven para unha reflexión profunda sobre a conciencia do cambio e a certeza de que este só se produce co coñecemento do inmutable que aniña en nós.

Baixo as néboas do pasado e ao abeiro do hoxe, estamos ante poemas que negocian cos mitos de sempre e acollen os desta actualidade. E isto todo, no feliz regreso de Helena de Carlos á poesía, coa naturalidade das palabras necesarias.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

HELENA DE CARLOS

Imago



TAMBO

■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección *Tambo*: «Os ángulos da brasa» (Premio Nacional de Poesía 2013, Premio da Crítica Española 2012, Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio de Poesía da AELG 2012), «Onde nunca é mañá», «Rigorosamente humano» e «Clave de bóveda» de Manuel Álvarez Torneiro; «Alén da fronteira. Sete poetas vascos» (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); «Triptico» de Antoni Marí; «Espirale de sombras» de Xavier Seoane; «Estrela do norte» e «As sílabas do mundo», de Luís Rei Núñez; «Tempo de exilio» de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); «Diario de Crosses Green» e «A ganancia e a perda» de Martín Veiga; «Tempo transfigurado» de Cesáreo Sánchez Iglesias; «Cervatos» de Lucía Novas; «Feliz idade» (Premio Nacional de Poesía 2020, Premio da Crítica Española 2019, Premio da Crítica de Galicia 2020, Premio Gala do Libro Galego 2020), «Cráter», de Olga Novo e «Catro cuartetos» de T.S. Eliot.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/imag-o-g>

Elena de Carlos

(Barbantes, Cenlle, 1964)

Catedrática de Filoloxía Latina na Universidade de Santiago de Compostela, leva máis de trinta anos de labor docente e, como investigadora, centrada no estudo dos textos antigos, tanto na súa máis estrita materialidade (manuscritos, grafías, persoas e lugares vinculados á produción dos libros) como no discurso que nos legaron (aspectos simbólicos e mesmo alegóricos). Traduciu para o galego dous textos latinos: Consolación da Filosofía de Boecio (2005) e Utopía de Tomás Moro (2011). A súa obra poética abrangue os títulos *Alta casa* (1996), 1999 (2001), *Aracne 3* (2006) e *Vigo* (2007, Premio da Crítica Española).